

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños), presentan a seguinte

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE FERROATLÁNTICA**

A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.
2. Esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee.
3. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de Enerxía, recaian no centro de traballo de *Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas*, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos.